



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Inglés	Código	653540016	
Titulación	Máster Universitario en Xerontoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Amenedo Costa, Mónica María	Correo electrónico	monica.amenedo@udc.es	
Profesorado	Amenedo Costa, Mónica María	Correo electrónico	monica.amenedo@udc.es	
Web	gerontologia.udc.es/docenciaL/postgrado_oficial/ingles1.php			
Descrición xeral	Esta materia pretende cubrir as necesidades dos profesionais da saúde cuxa especialidade se relaciona coas persoas maiores, en canto ao seu contacto coa lingua inglesa, sexa con textos escritos ou con situacións onde necesitan falar e entender inglés. Trata tamén algunhas cuestións teóricas relacionadas co léxico e a sintaxe.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Ser capaces de asumir a responsabilidade do seu propio desenvolvemento profesional e da súa especialización tanto no ámbito sociosanitario como sanitario de atención ás persoas maiores a fin de incorporarse aos equipos interdisciplinares de valoración e intervención Xeronto-xeriátrica
A5	Adquirir coñecementos que lle permitan establecer o recurso Xeronto-xeriátrico adecuado de acordo ás características da persoa maior
A6	Desenvolver a autonomía suficiente para participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas ou tecnolóxicas dentro do campo da Xerontoloxía, en contextos interdisciplinares tanto públicos como privados e, no seu caso, cun alto compoñente de transferencia do coñecemento.
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa xerontoloxía e a xeriatría
B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións? e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Os alumnos deberían poder ler e entender textos escritos e falados en inglés de nivel intermedio que traten de temas relacionados co campo da Xerontoloxía.	AP4 AP5 AI1	BM1 BM2 BM3 BM4 BM5	CM3
Os alumnos deberían poder escribir textos sinxelos acerca da súa especialidade, e resumir textos e artigos.	AP4 AP5	BM1 BM3	CM1 CM2
Os alumnos deberían poder falar con certa facilidade acerca de temas relacionados coa xerontoloxía en situacións cotiás, cos compañeiros de traballo ou con pacientes.	AP4 AP5	BM1 BM3	CM1 CM2
Os alumnos deberían poder realizar presentacións orais en inglés relacionadas co campo da Xerontoloxía.	AP4 AP5	BM1 BM3	CM1 CM2

Contidos	
Temas	Subtemas
Introducción. O inglés nas Ciencias da Saúde	Redacción científica Comunicación oral
A miña especialidade e a terceira idade	Traxectoria académica Historia clínica
Onde e cando?	Atención domiciliaria Residencias
Os segredos da lonxevidade	As persoas maiores e o estilo de vida
A vellez e o cerebro	A demencia e o Alzheimer
O tratamento das persoas maiores	A saúde e a enfermidade A medicina tradicional e alternativa A robótica e o cuidado das persoas maiores

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A5 A6 B2 B4 B5 C1 C2 C3	0	6	6
Aprendizaxe colaborativa	C1 C2	2	0	2
Presentación oral	A4 B3	2	10	12
Sesión maxistral	B1 B3	12	10	22
Portafolios do alumno	A5	4	10	14
Traballos tutelados	A5 B1 B3 B4 B5 C1 C3	0	18	18
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Exercicios de comprensión lectora. Vídeos e outros materiais audiovisuais.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo en parellas ou grupos, co uso das TICs cando sexa necesario.
Presentación oral	Presentacións en clase, sen utilizar apuntamentos escritos, apoiadas por PowerPoint ou similar.
Sesión maxistral	Clases semanais impartidas polo profesor.
Portafolios do alumno	Diferentes tarefas encomendadas polo profesor durante o semestre.
Traballos tutelados	Traballo escrito (ver detalles en "Atención Personalizada")



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	<p>Traballo escrito, con seguimento do profesor da materia. Proporcionarase a todo o alumnado consellos prácticos e fontes de información.</p> <p>Ofrecerase atención personalizada no horario de titoría para resolver problemas e aclarar dúbidas sobre os traballos e as unidades didácticas. Fóra destas horas, tamén se pode contactar co docente por correo electrónico.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A4 B3	O alumnado realizará unha presentación oral do traballo.	30
Traballos tutelados	A5 B1 B3 B4 B5 C1 C3	O estudante debe realizar un traballo sobre un tema relacionado cos contidos da materia.	40
Portafolios do alumno	A5	O alumnado realizará diversas tarefas prácticas ao longo do curso.	30

Observacións avaliación

Para superar a materia, a cualificación de cada unha das probas avaliadas (portafolios do alumno, proxecto e presentación oral) deberá ser 5 sobre 10. Non se admitirán os traballos entregados fora de prazo sen causa debidamente xustificada. Os estudantes que non se presenten o día da proba mixta oficial acadarán a cualificación de NP, se non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

Calquera caso de plaxio ou fraude académico significará un suspenso (0) na materia, tal e como se recolle no "Regulamento disciplinar do estudantado da UDC":

Calificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con suspenso (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

OPORTUNIDADE de XULLO:

O alumnado que non supere a materia na primeira oportunidade deberá presentarse á oportunidade de xullo, debendo repetir as partes suspensas segundo a seguinte distribución de porcentaxes: traballo tutelado e proba oral (70%), e unha tarefa equivalente ás tarefas prácticas (30%).

O alumnado que se presente á convocatoria adiantada de DECEMBRO avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo. Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica", "dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraude académica" rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Atención á DIVERSIDADE:

A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro.

Igualdade de XÉNERO:

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria, nesta materia usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores e de autoras e propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas. Do mesmo xeito, traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas, así como fomentar valores de respecto e igualdade. No caso de detectarse situacións de discriminación por razón de xénero, proporanse accións e medidas para corrixilas.

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- Grice, Tony (2007). Nursing 1 (Students' book) . Oxford University Press ISBN: 978-0-19-456977-4</p> <p>NON HAI UN LIBRO QUE SE TEÑA QUE COMPRAR OBRIGATORIAMENTE. O LIBRO DE GRICE PODE SER ÚTIL Á HORA DE REPASAR E PREPARAR A MATERIA. Os LIBROS DA LISTA QUE VÉN A CONTINUACIÓN PODEN SER ÚTILES PARA CONSULTA Ou PREPARACIÓN. MOITOS DISTOS ESTÁN NA BIBLIOTECA DO CAMPUS DE OZA. Baker, Ann. Introducing english pronunciation a teacher?s guide to: tree or three? and ship or sheep? Cambridge [etc.]: Cambridge University Press, 1982. Birren, James E. Encyclopedia of gerontology. 2nd ed. Oxford: Elsevier, 2007. Bond, John. Ageing in society an introduction to social gerontology 2nd ed. London: Sage, 1994. Bradley, Robin A. English for nursing and health care a course in general and professional English. Milano: McGraw-Hill, 2005. Brocklehurst-s textbook of geriatric medicine and gerontology. 6th edition. London: Churchill Livingstone, 2003. Diccionario de términos y frases médicas inglés-español, español-inglés. Madrid: Paraninfo, 1996. Edo Marzá, Nuria. English for patient-administration and non-clinical hospital staff. Alcalá la Real (Jaén): Formación Alcalá, 2011. Fitzgerald, Patrick. English for medicine in higher education studies: coursebook. Reading, UK: Garnet Education, 2010. Greenhalgh, Trisha. English for physicians english for medical conferences & presentations = inglés para médicos: inglés para congresos y presentaciones médicas. Madrid: Churchill Livingstone España, 1995. Hewitt, Elaine & C. Fernández Morales (2003). Gerontological social work : student?s book. Granada Editorial Universidad de Granada. Moody, Harry R. Aging: concepts and controversies. 6th ed. Thousand Oaks (California): Pine Forge Press, 2010. Worsfold, Brian. Acculturating age: approaches to cultural gerontology. Lleida: Edicions i Publicacions de la Universitat de Lleida, 2011. Print. Dedal-Lit (Universitat de Lleida) 7</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recomendacións xerais para o estudo da materia:Asistencia regular ás clasesRealización das prácticas de laboratorioEstudo diario dos materiais impartidos e da bibliografía básicaConsulta da bibliografía complementaria recomendadaParticipación e discusión activa nas actividades que se organizanSegundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia:Usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas...Traballarase para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade.Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proponanse accións e medidas para corrixilas.GREEN CAMPUS: Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir co obxectivo estratéxico 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia:Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático.De realizarse en papel:Non se empregarán plásticosRealizaranse impresións a dobre caraEmpregarase papel recicladoEvitarase a realización de borradores

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías